



**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011  
Fax; 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

**ASUNTO:** CONVOCATORIA BOLSA EMPREGO PARA O POSTO DE CONDUTOR DA BARCA MUNICIPAL DO CONCELLO DE BETANZOS

**EXPEDIENTE:** 2023/E001/000035

### **PROCESO SELECTIVO PARA A BOLSA EMPREGO PARA O POSTO DE CONDUTOR DA BARCA MUNICIPAL DO CONCELLO DE BETANZOS**

En data 13 de abril de 2023 e sendo as 09:30 horas, reúnese no Edificio Liceo do Concello de Betanzos sito na Pza de Galicia Nº1, o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a constitución dunha bolsa de persoal laboral para o posto de condutor da barca municipal, baixo a presidencia de Susana Barral Vázquez, funcionaria do Concello de Betanzos; e coa asistencia dos vogais: Áurea Picado Brea, Rafael Fraga Varela e Francisco Fernández Iglesias, funcionarios do Concello de Betanzos; a asesora especialista, Olga Costa González; e actuando como secretario Diego Fortes González, funcionario do Concello de Betanzos, quen dá fe do acto.

**CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.** Examinadas as bases da convocatoria e visto o Decreto da Alcaldesa de Betanzos de data 4 de abril de 2023, no que se declara a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e se determinan as datas para a constitución do Tribunal e inicio dos exercicios. A presidenta declara validamente constituído o Tribunal.

**CHAMAMENTO DAS PERSOAS ASPIRANTES.** Ás 10:00 horas procédese ao chamamento individual e nominativo por orde alfabético de todas as persoas admitidas. Á entrada, compróbase a identidade das mesmas.

Rematado o chamamento, ás 10:02 horas, compróbase que asisten 2 persoas do total de persoas admitidas.

**DESENVOLVEMENTO DO EXERCICIO.** Ás 10:10 dá comezo o primeiro exercicio, que consta dun exame práctico consistente na condución da barca municipal polo río co obxectivo de valorar a capacidade para realizar o traballo.

Ás 13:00 horas remátase a celebración do mesmo.

**CORRECCIÓN DA PROBA PRACTICA.** Por parte dos membros do tribunal procédese á corrección do primeiro exercicio.

Unha vez finalizada a corrección e tendo en conta as bases da convocatoria, obtéñense os seguintes resultados para aquelas persoas participantes.

DNI	Puntuación
***8510**	9,5
***8110**	8,5

O tribunal acorda conceder 3 días hábiles para alegacións ou reclamacións.



**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

**FINALIZACIÓN DA SESIÓN:** Ás 13:30 horas a presidenta da por rematada a sesión, da que eu secretario dou fe.

A presidenta,

Vogais ,

Secretario,

Susana Barral Vázquez

Áurea Picado Brea

Diego Fortes González

Rafael Fraga Varela

Francisco Fernández Iglesias